

Indicacións para as exposicións orais do 1º TRIMESTRE

1. **Escollede un tema** que vos pareza interesante na lista do outro documento. Se se vos ocorre un que non estea e que vos gustaría presentar aos compañeiros, falade comigo e considerámolo. Tede en conta que terá que durar **3 minutos**.
2. Ao lado dos temas aparecen uns puntos que deben ser tratados, pero a organización da exposición corre da vosa man. **Enviádeme** unha semana antes por correo **o guión** e eu indicovos se é axeitado.
3. Unha vez recibido o visto bo do guión, **preparate o discurso**. Lembraide que toda exposición debe ter unha introdución, un desenvolvemento e unha conclusión. Buscade todas as palabras das que teñades dúbidas no [dicionario da RAG](#) ou no [dicionario de pronuncia](#), en caso de que teñades dúbidas fonéticas.
4. Tedes que orientar o tema cara ao **uso da lingua galega**. Polo tanto, debedes **acabar** a exposición achegando o **voso punto de vista**: considerades que o que acabades de presentar fomenta o uso da lingua galega?, parécevos atractivo?, coñeciádelo antes ou foi un descubrimento?...
5. Asegurádevos de que **cumprides** con todos os **puntos** que se recollen na **rúbrica** de avaliación de embaixo.
6. E, por último, **ensaiade** na casa a exposición ata que saia fluída!

RÚBRICA EXPOSICIÓN ORAL º ESO

	6 puntos	4 puntos	2 puntos	0 puntos
Planificación	Úsase guión e organízanse correctamente os contidos.	Úsase guión e a organización é habitualmente lóxica.	Úsase guión pero a organización dos contidos non segue unha orde lóxica.	Non se elabora guión nin se organizan os contidos.
Pronuncia e fluidez	O discurso é fluído, a entoación e a vocalización e favorecen a comprensión.	O discurso é maioritariamente fluído. A entoación e a vocalización son correctos.	Hai moitos atrancos no discurso. Por veces presenta dificultades de comprensión.	Non se manifesta fluidez. O discurso é por veces incomprendible.
Riqueza expresiva	Incorpórase léxico variado e sen repeticións.	O léxico é variado, con escasas repeticións.	O léxico é, por veces, moi repetitivo. Algúns retrousos.	O léxico é pobre e repetitivo. Abundan os retrousos.
Corrección gramatical	Colócase ben o pronome átono e pronúncianse os sons do galego.	A maioría das veces colócase ben o pronome átono e pronúncianse os sons do galego.	Non se pronuncian os sons do galego.	A maioría das veces non se coloca ben o pronome átono.
Adecuación	Axústase ao rexistro esixido.	Hai algunha inadecuación no rexistro esixido.	Mestura de rexistros, pero con predominio do esixido.	Non se distingue o rexistro formal do informal.

Coherencia	O texto está ben estruturado, cunha introdución e unha conclusión.	O texto está ben estruturado, pero carece de introdución ou conclusión.	Faltan a introdución e a conclusión.	A ordenación das ideas é totalmente incoherente.
Cohesión	Úsanse máis de cinco conectores e marcadores textuais diferentes.	Úsanse de tres a cinco conectores e marcadores textuais diferentes.	Úsanse menos de tres conectores e marcadores textuais diferentes.	<i>E, pero, que</i> son os únicos conectores usados. Non hai marcadores textuais.
Contido	Demóstrase gran coñecemento do tema e úsanse exemplos.	Trátase o tema de forma correcta, con algúns exemplos.	O tema é tratado de xeito superficial, sen exemplos.	Hai erros conceptuais graves.
Linguaxe non verbal	A postura corporal é correcta e mírase ao público constantemente.	A postura é correcta; a maior parte do tempo mírase ao público.	A postura corporal é impropia dunha exposición.	Non se mira ao público en ningún momento.
Respecto á consigna	Axústase ao tempo e á tarefa requirida con precisión. Hai valoración persoal na conclusión.	Axústase ao tempo e, en parte, á tarefa.	Excede o tempo ou non chega ao mínimo esixido. Non hai valoración persoal na conclusión.	Non se axusta á tarefa requirida.